


# ESBULLO

SALTON



I.E.S. ALEXANDRE BÓVEDA

CURSO:

2014 - 2015




## ÍNDICE

Portada	David Gómez 2º Bach E
1	A danza, Paula Diz 3º ESO E
3	Jules Verne e Vigo, Claudia Fernández 3º ESO C
5	A nosa viaxe a Sevilla, Clara Villaverde 4º ESO A
9	Fuxan os ventos, Pablo Gil 3º ESO C
13	Poemas, Silvia Mosquera 3º ESO D
15	Auschwitz, Antía Álvarez 3º ESO A
16	A s nenas esquecidas, Ana Davila 3º ESO C
18	Os que marchan, fotografía
19	Excursións, fotografía
20	Descarrilamento, Sabela Fernández 3º ESO E
21	As touradas, Carlos Reinaldo 3º ESO E
23	O mundo da muller, Lucía Santamaría, 3º ESO D
25	Entrevista a Carmen Prelchi, Redacción
27	Entrevista a Sherri, Laura Gómez e Lidia Lorenzo 3º ESO B
29	Marxinad@, Fernando Rodríguez 1º Bach A
31	Alexandre Bóveda, perfil urxente, Redacción
34	O veciño da laranxa con ventás, Lois Soengas 3º ESO A
35	Historia sobrenatural, Paolo Panella 3º ESO E
36	Sopa de letras, pasatempos
37	Ilustración, David Gómez 2º Bach E

## CONSELLO DE REDACCIÓN

Antía Álvarez, Luz Cao, Vanessa Fandiño, Iago Feal, Mateo Fernández, Sabela Fernández, Alicia González, Marcos González, Adrián López, Sara Padilha, Fonso Piñeiro, Carmen Prelchi, Alicia Rodríguez e Clara Villaverde





## A DANZA

### Paula Diz Teixeira (3º ESO E)

É unha forma de arte na que se utiliza o movemento do corpo, acompañado de música, como unha forma de expresión e interacción social cuns fins de entretemento e artísticos. Tamén se define danza como o movemento que se realiza no espazo cunha parte ou todo o corpo do executante, denominado bailarín. Neste sentido tamén se pode considerar unha forma de expresión non verbal entre os bailaríns, xa que expresan sentimentos e emocións a través dos acenos e movementos.

Na danza preséntanse tres xéneros: clásico, tradicional e moderno.

Na danza clásica é na que se levan principalmente movementos suaves, harmoniosos e coordinados. Neste xénero os máis practicados na actualidade son:

- O **ballet** ou **danza clásica**. É unha forma de danza cuxos movementos baséanse no control total e absoluto do corpo. É unha disciplina que necesita concentración e capacidade para o esforzo como a actitude. Nesta danza participa todo o corpo nunha conxunción simultánea de dinámica muscular.
- A **danza contemporánea**. Xorde como a necesidade de se expresar máis a través dos

movementos do corpo. É unha



clase de danza na que se procura expresar, a través do bailarín, unha idea de sentimento ao igual que o ballet.

As danzas tradicionais ou folclóricas son as danzas que pertencen a unha cultura ou etnia dunha rexión, país ou comunidade e pertencen a unha cultura popular. Os máis practicados na actualidade son:

- O **flamenco**. É propio das comunidades de Andalucía, Estremadura e Murcia. Nesta arte intégrase o baile, o canto e, sobre todo, a música de guitarra. Presenta unha grande intensidade emocional. Distínguese polos seus continuos movementos de brazos, polos fortes zapateos e os profundos laios.
- A **muiñeira**. É a danza popular de Galiza. Cántase e báilase acompañada da gaita, o



tamboril e a pandeireta. Recibe o nome de muiñeira xa que



evoca as xornadas de traballo nos muiños.

E, por último, o xénero moderno que son os bailes con máis demanda nas últimas décadas. Destacan:

- A **danza jazz**. Nela concéntanse una gama de estilos. A súa orixe é da danza negra norteamericana no ano 1997. Nela a mobilidade do torso é moi importante . A flexibilidade é un elemento moi significativo . É a danza que máis se está a practicar na actualidade .

- O **hip-hop**. Tamén é moi practicado na actualidade. Está composto por moitas formas artísticas. Caracterízase por catro elementos, os cales representan diferentes manifestacións dunha cultura. Son o rap (oral), o braking (físico), o graffiti (visual) e o tumtablism (auditiva ou musical).

Agora, está comezando a practicarse un novo estilo denominado **Bollywood**, procedente da India, que é una mestura da danza tradicional india co *Funky* americano.

A conclusión que eu obteño de todo o exposto é que o baile é unha arte importante, xa que, á parte de aprender, é unha maneira de nos relacionarmos e tamén é unha maneira de reforzar a memoria. O baile comeza sendo un hobby e creo que se debería de dar a mesma importancia a esta actividade tanto como a calquera outra.





## JULES VERNE E VIGO

Claudia Fernández Fernández (3º ESO C)

A cidade de Vigo ten un papel relevante nunha das novelas máis importantes de Jules Verne. Un papel que, en ocasións, pasa desapercibido ou, incomprendiblemente, non se destaca o que debería. Isto pode deberse, quizais ao carácter galego humilde e pouco dado a fachendear, mais o certo é que Jules Verne adícalle un capítulo enteiro da súa novela *20.000 leguas de viaxe submarina* á Ría de Vigo. Noutras cidades, con moito menos xa terían construído unha ruta turística para aproveitar o *tirón* dun dos escritores máis importantes da literatura universal. Ultimamente parece que se están a dar os pasos necesarios para fortalecer este vínculo e facer de Vigo unha boa visita para os seguidores do escritor.

Jules Verne, que naceu en Nantes o 18 de febreiro de 1828 foi un escritor, poeta e dramaturgo bretón, coñecido sobre todo polas súas novelas de aventuras e de ciencia-ficción. A data da súa morte foi o 24 de marzo de 1905 en Amiens.

Foi un dos grandes escritores da literatura dado que, xunto con H. G. Wells, é un dos pais da ciencia-ficción. Escribía sobre cousas aínda non inventadas, como o submarino, viaxes ao centro da Terra... Por iso foi considerado non só un escritor, senón un visionario, falaba de cousas e propuña solucións e aparellos que non existían e que nin sequera foran imaxinados, moitos anos antes de que se inventasen.

Na súa bibliografía destacan: *20.000 leguas de viaxes submarina*, *Volta ao mundo en 80 días*, *Os fillos do capitán*

*Grant*, *Viaxe ao centro da Terra*, *Da Terra á lúa*, *Miguel Strogoff*...

No ano 1869 publicou a novela da que estamos a falar, e ninguén fixera tanta nin tan continuada publicidade á Ría de Vigo como fai Verne neste libro. Nun dos capítulos o capitán Nemo, nunha das súas viaxes, para na Ría de Vigo para recoller co seu submarino, o Nautilus, os tesouros dos navíos españois cargados de ouro procedente de América afundidos polos británicos e holandeses na Batalla de Rande.



A Batalla de Rande foi unha loita que ocorreu no estreito de Rande e dentro da enseada da illa de San Simón. Dise, que os galeóns chegaron á Ría de Vigo co maior tesouro que cruzara o Atlántico. Houbo unha polémica: uns, din que os galeóns refuxiáronse en Vigo, onde foron atacados coa carga no seu interior, e o barco afundírase; outros, din que os tesouros desembarcaran e que foron levados á capital. Alieos á polémica en España esta batalla non tivo relevancia (posiblemente porque somos os perdedores) mais en Gran Bretaña considéranla un feito significativo. Se paseas por Londres podes atopar unha rúa chamada Vigo Street. Para Jules Verne non hai dúbida da súa importancia, e utilizou este marco histórico para ambientar a súa novela e



explicarnos un pouco mais o carácter do seu protagonista, o carismático Nemo.

Na zona de Vigo atópanse dúas figuras adicadas a Verne. Unha situada no Náutico de Vigo, cedida pola Asociación de Mulleres Empresarias de Pontevedra en agradecemento, obra de José Molares; e outra en fronte da Praia de Cesantes, ao carón da illa de San Simón.

Tamén hai unha asociación, a Sociedade Verniana de Vigo. O seu labor é dar a coñecer masivamente a relación de Jules Verne e esta cidade, e potenciala con fins turísticos.

Este gran escritor, despois da publicación do libro quixo coñecer esa cidade, ese pobo do que falara neste clásico. Aproveitando as súas viaxes (era amante da navegación e posuía até tres barcos) fixo dúas visitas a Vigo: unha no ano 1878, na que estivo máis dunha semana; e outra no ano 1884. Sempre que podía deixaba comentarios positivos da cidade e as súas xentes.

Por todo isto, está claro que o feito de que un escritor tan internacional e importante, unha celebridade da literatura, cuxas obras son as segundas máis traducidas no mundo, despois de Agatha Christie, lle adicara un capítulo á cidade de Vigo supón unha importante e impagábel propaganda, unha campaña de publicidade que non tería prezo e que, infelizmente, ninguén na cidade de Vigo acertou a aproveitar. Actualmente déronse algúns pasos nesa dirección como a asociación creada por persoas relacionadas coa vida cultural da cidade antes mencionada.





## **A NOSA VIAXE A SEVILLA: Diario de 6 días**

**CLARA VILLAVERDE (4º ESO A)**

### **-Día 1**

Aquel luns 27 de Outubro, puñamos rumbo a Sevilla. Malia nos espertar cedo, tiñamos moita ilusión por chegar á emblemática cidade.

Tardamos máis de doce horas en facer o percorrido, mais mereceu a pena. Polo camiño, cabe citar á cidade de Salamanca; fermosa como poucas, onde tomamos o xantar.

Por fin, ás oito e media (creo lembrar) chegamos a Sevilla. A primeira impresión foi inmejorable, qué fermosa cidade!

E ese día deitámonos nerviosos e impacientes, por comezar a aventura que xa a principio de curso nos prometeran.

### **-Día 2**

Espertamos como resortes, a enerxía notábase no ambiente. Baixamos cedo ao almorzo, ou sexa, tampouco demasiado cedo, pero si o suficiente como para nos atopar no comedor con ingleses e alemáns (alén de españois, por suposto).

Despois diso, partimos cara ao museo mineiro de Riotinto. A paisaxe que vimos no percorrido que nos levou até alí, deixounos sen verbas: Montañas vermellas e laranxas que se estendían cara ao horizonte e un río vermello

coma o sangue que brillaban baixo o sol de Huelva.

Cando chegamos ao museo, coñecemos os guías que nos ían acompañar durante gran parte das actividades da viaxe. Eles mesmos, como dato curioso, explicáronnos na visita que este museo leva o nome do ministro de cultura en tempos de Adolfo Suárez, que foi asasinado pola ETA.

Logo, partimos cara a unha mina real, situada na *Peña del Hierro*. Polo camiño paramos nun antigo barrio inglés, onde visitamos a Casa 21 (casa museo reconstruída do tempo das minas).

Xa na *Peña* entramos a visitala pola galería principal, que nos levou até un dos lugares máis increíbles que eu persoalmente vin: Era un lago. Un lago vermello situado nunha montaña. Unha montaña de miles de cores. Era fascinante, a pena é que non fose natural: Ocasionouse cando os mineiros escavaron até o nivel freático da mina.

Logo de tan marabillosa visita, fixemos un percorrido en ferrocarril, polo mesmo sitio onde tempo atrás os obreiros ían traballar á mina. Seguimos o curso do Río Tinto até un punto e volvemos. Era tan vermello que parecía irreal!

Logo tomamos o xantar preto de alí e puxemos rumbo á Gruta das Marabillas. Era asombroso como podía estar todo iso debaixo dos nosos pés: Dous quilómetros cheos de estalagmitas e estalagmitas e columnas tamén! Había até lagos: Tres de fondo rochoso/areoso e tres de fondo de





estalagmitas! Non sabías cara onde ollar (excepto nalgúns momentos, que como non miraras cara ao chan, adeus bo día).

Logo de visitala, pasamos un tempo en Aracena e logo volvemos a Sevilla.

### **-Día 3**

Ese día, 29 de Outubro, foi un día moi divertido.

A mañá pasámola toda no *Bosque Suspendido da Juliana*. Nel, fixemos un percorrido de pontes colgantes que remataba nunha tirolina, escalada en árbores, escalada muro que tamén remataba nunha tirolina, e tiro con arco. Pasámolo como nunca, e o máis sorprendente é que Carmen (profe de bioloxía), Conchi (profe de ed. Física xa xubilada) e o condu tamén se apuntaron! Teriades que ver a Conchi na tirolina... Semellaba a mesma Miley Cyrus na Wreckling Ball!

Logo, pola tarde, tocounos un pouco de Roma clásica: Visitamos *Cotidiana Vitae*, museo onde nos explicaron a vida que levaban os romanos en *Itálica*, situada onde hoxe está preto o museo, e destacada porque foi a primeira cidade romana construída fóra de Roma, berce do emperador que precedeu a Adriano. Despois da visita leváronnos ás propias ruínas da cidade. O máis sorprendente foi o anfiteatro. Alí déronos unha lección de estupidez humana, mais non tiña nada que ver coas prácticas romanas! Tiña que ver con que, xa no século XX, unha parte do Coliseo foi explosionado cando xa era patrimonio da humanidade, só para conseguir minerais! Que vergoña... porén, as ruínas eran máxicas.

Logo volvemos a Sevilla.

### **-Día 4**

Día 30 de Outubro, un reencontro coa natureza e co noso pasado.

Toda a mañá pasámola no *Parque Natural Doñana*. A súa extensión era impresionante, 109.000 hectáreas! A verdade é que vimos moi poucos animais, cousa un pouco decepcionante e, aínda así, estivo moi ben. Despois, de camiño ao *Palacio de Acebrón*, onde xantamos, paramos na igrexa do *Rocío*, moi bonita e moi alta tamén. Todo isto estaba situado nunha especie de aldea do antigo oeste, onde os nenos aprenden a montar a cabalo case antes que a andar!

Despois de xantar visitamos o mosteiro da *Rábida*, lugar emblemático onde Colón planeou, cos monxes Franciscanos daquela época, a viaxe definitiva cara a América ou, como el cría, ás Indias. O lugar era fermoso, con frescos nas paredes que representaban os pasos de Colón dende o mosteiro até a súa partida.

Logo diso, baixamos ao *Malecón das Carabelas*. Nel, atopábanse as réplicas dos tres barcos que Colón elixiu para cruzar o océano Atlántico. A pena é que ese malecón non foi o punto orixinal da partida, senón que este atopábase a dous quilómetros de distancia, mais perdeuse polo ascenso do nivel do mar. Aínda así, o lugar era precioso, e a esas horas puidemos ver a fermosa posta de sol, que se escondía baixo o mar onde flotaban as réplicas. O momento tería sido perfecto,

Sáímos todos de alí con máis picaduras que eu que sei.

#### **-Día 5**

31 de Outubro, un último adeus.

Aquel era o último día que iamos pasar en Sevilla. A tristura notábase no ar e, estiveses con quen estiveres, a frase 'Non me quero ir' sempre saía na conversa. Porén, así son as cousas e todo o bo remata algunha vez... O mellor foi que este, eu creo que para todos, foi o mellor día.

Toda a mañá e a metade da tarde estivemos visitando Sevilla!

A primeira parada foi o barrio de *Santa Cruz*, chamado así porque antes, nese barrio había unha igrexa co mesmo nome. E fíxate ti que cousas ten a vida, que foi destruída por unha bomba francesa e agora, no mesmo sitio onde estaba, sitúase a embaixada francesa! Ai, que ironía... En fin, o barrio fora un barrio xudeu, e ten como particularidade que conserva o trazado medieval.

Despois dunha breve visita, pasamos a visitar a *Giralda*. Que marabilla! O patio exterior estaba cheo de laranxeiras que, na primavera encherán a *Giralda* de arrecendo de azahar. O interior era incríbel: Alto, alto como poucos; e dourado, dourado coma o sol. Era grande, con pinturas increíbeis, cúpulas maravillosas e cos restos de Colón protexidos por catro estatuas de pedra.

Subindo até arriba de todo da súa torre principal, atopámonos coa cidade de Sevilla aos nosos pés. E entón me parei a pensar... Que fermosa construción, que

alta, pero que hipócrita, non? Moitos morrendo e eles gastando diñeiro e vidas nesta magnífica construción... Ás veces non nos damos conta do prezo da historia. En fin, logo xantamos no albergue e despois puxemos rumbo ao *Parque de María Luisa*. Era... como explicalo... como Castrelos por cinco, tanto en extensión como en fermosura. Despois pasamos a visitar a *Plaza de España*. Esa praza era a praza máis bonita que vin: Un gran palacio rodea unha praza onde catro pontes conectan un círculo exterior con outro interior que a súa vez está rodeado por un lago onde a xente pasea en barca. Realmente memorábel, era un lugar máxico! E tan máxico, fixédevos ben, que nesta plaza rodouse unha escena da Guerra das Galaxias!

Visto isto, puxemos rumbo cara a *Isla Mágica*! Pasamos horas no parque e montamos en numerosas atraccións. Gozamos coma nunca a última noite que nos quedaba. Foi realmente estupendo.

Unha gran despedida, como vedes.

#### **Día 6-**

Cun gran desacougo, ese 1 de Novembro deixabamos Sevilla. Mentres entrabamos no bus ollamos unha última vez a cidade que nos acolleu durante cinco días inesquecíbeis.

Adeus Sevilla, agora si... agora xa es un recordo.



# FUXAN OS VENTOS

**Pablo Gil Diéguez (3 ESO C)**

**Fuxan os ventos**, chamado ás veces simplemente *Fuxan*, é un grupo galego formado en 1972 en Lugo no seo do Colexio Menor do Santísimo Sacramento de Lugo. O grupo participou co nome de *Folk 72* no III Festival Musical das San Lucas de Mondoñedo, onde gañaron o primeiro premio co tema "Fuxan os ventos". A partir de entón adoptaron este nome para o grupo.

## HISTORIA DO GRUPO

No ano 1973 o grupo participou no III Festival Ría de Ares, en Pontedeume, e gañaron tamén o primeiro premio. No ano seguinte participaron noutros festivais em Ferrol e Madrid, e acadaron sempre o recoñecemento da crítica e prensa especializada, mentres participaban na misa radiada de Radio Popular, no que xa participaban antes da creación do grupo.

No ano 1975 o grupo sufriu a súa primeira escisión. No seo do grupo agroman dúas liñas de traballo: unha tendente ao folclore universal e outra máis comprometida coa cultura, idioma e identidade galega. Foi a

segunda liña a que permaneceu. Comeza, daquela, o percorrido polos teleclubes da provincia con "Galicia canta ó Neno", unha montaxe e representación costumista-musical, escenificación do xeito de vivir as festas do Nadal en Galiza. Este proxecto incluíu a participación de moita xente e a recolleita de centos de panxoliñas, aguinaldos e cantos de Reis.



Pouco despois aparecen as primeiras ofertas para editar discos. Nos primeiros anos o grupo rexeitaba a posibilidade de gravar o repertorio do grupo, co fin de non comercializar o problema galego. Porén, en 1976, co fin de espallar o seu traballo,

chegan a un acordo coa Philips-Fonogram. O grupo podería gravar á súa maneira (sen arranxos electrónicos), manter a súa liña e o compromiso político apartidista e asegurarían que o grupo non se comercializaría cara adentro. Froito daquel acordo editase en 1976 o seu primeiro disco, *Fuxan os ventos* e, posteriormente outros tres: *O Téquele-téquele*, *Galicia canta ó neno* e *Sementeira*.

O grupo segue a cantar na Misa da radio, a representar "Galicia canta ó Neno" por toda Galiza, espectáculo que chega a retransmitirse en directo, dende o Teatro Colón da Coruña a través da TVE en Galiza. Participaron na "1ª Romaxe de Crentes Galego" que organizan Irimia e Encrucillada, na que colaborarán na maior parte das edicións. Em 1977 prodúcese a segunda escisión do grupo, por mor de manter a independencia política. Entre 1978 e 1980 o grupo aumentou o número de actuacións, chegando a Cataluña, Euskadi, Lisboa, Bruxelas, París, Zúric, Brest, e mesmo en dúas edicións do Festival intercéltico de Lorient (1978 e 1979). Tamén realizan unha *Campaña Cultural* en zonas de montaña, con 30 actuacións en vilas e aldeas da provincia.

No ano 1979 conseguen o seu maior éxito co disco *Sementeira*, o que lle seguiría un

período onde o grupo aumenta a súa actividade até cen concertos ao ano. O seu quinto disco *Quen a soubera cantar* xa foi coa editora Ruada, nun intento fracasado de apoiar o primeiro selo discográfico galego.

Por Fuxan os ventos chegaron a pasar até 30 persoas. A comezos do ano 1983 produciuse a definitiva modificación coa saída de dous dos seus compoñentes (Xosé Luís Rivas Cruz e Baldomero Iglesia Dobarrio, que fundaron A Quenlla) e a incorporación dun trío de música tradicional. Nesta nova época o grupo grava con Fonomusic no ano 1984 o disco "Noutrora" e continúa coas actuacións ao vivo incrementando a súas saídas fóra de Galiza, abríndose a novos circuítos: tocan em Durango, nun *galeuzca* musical, em 1983; em Jaén, na Universidade Popular, em 1985; em Segovia, no Festival Agapito Marazuela, no ano 1989, na que sería a súa derradeira actuación ao vivo.



Dende esa data, o grupo permanece inactivo de cara ao público, rompendo o seu silencio

en contadas ocasións: en maio de 1993 participou na Festa Labrega da Láncara, organizada polo Sindicato Labrego Galego para conmemorar a supresión da "cota empresarial agraria"; no ano 1997, en Lugo, para celebrar o vinte e cinco aniversario da Asociación Auxilia, coa que o grupo colaborou dende a súa fundación; no ano 2007, aproveitando o convite para dar o pregón da Feira de Artesáns de Instrumentos Tradicionais que ten lugar no Festival de Pardiñas (Guitiriz), o grupo fai unha pequena actuación cantando seis temas do seu repertorio.

Porén, o grupo segue a traballar internamente. En 1999 concreouse ese traballo na gravación do disco *Sempre e máis despois*, tras quince anos sen editar, e composto exclusivamente por temas tradicionais. O disco *Na Memoria dos tempos* apareceu en 2002.

O grupo tamén participou na gravación de dous temas para o disco de cancións infantís *Pelo gato 24*, editado pola Asociación de Gaiteros no 2007. *Terra de Soños*, editado no ano 2010, reedita os clásicos do grupo.

### **SIGNIFICADO DA BANDA**

Fuxan os Ventos non foi o único grupo galego cun alto compromiso social da época, mais si o que máis éxito acadou, chegando non só a intelectualidade galega vencellada á canción protesta e os cantautores senón tamén á Galiza de orixe rural.



O seu repertorio inicial elaborárono a partir da música folk universal, inclinándose cada vez máis cara á música popular galega, recollendo cantigas dos vellos e vellas dos lugares e incluíndo temas de composición propia. Consonte o período no que estiveron activos (devalar do franquismo e transición española), foron adquirindo un compromiso social que se plasmou na incorporación da canción protesta e de poemas doutros autores, nunha liña de oposición á ditadura e de reivindicación dun pobo, un idioma e unha cultura propia.

Como principais características destacan, sen dúbida, a presenza da voz e as letras das cancións. As letras, ben propias ou de poetas galegos, abrangueron temáticas moi amplas:



foron en ocasións reivindicativas (temas como a emigración, a Autonomía, a ecoloxía, a pobreza...) ou recolledoras dunha tradición

oral coa que tivo intenso contacto o grupo.

En ocasións ambos os dous aspectos mesturábanse, aínda que só o feito de cantar en galego podía ser xa un xeito de reivindicación.

- Alfonso Fernández, voz
- Moncho Díaz, voz, guitarra, frautas



### **MEMBROS**

- Antón Castro, zanfona, mandolina, voz.
- Xosé Vázquez, percusión tradicional e voz.
- Pedro Lucas, gaita, frautas e voz.
- Xoan L. Fuertes Saavedra, bouzuki, guitarra, violín e voz.
- Carmen Vázquez, voz
- Tereixa Novo, voz
- Maruxa Fociños, voz



Se queres ver algún concerto de Fuxan os Ventos visita os seguintes enlaces:

<http://www.youtube.com/watch?v=Vc8vU6hsces>

<http://www.youtube.com/watch?v=v4trbBleySY>

## **SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS**

### **1º PREMIO**

**Silvia Mosquera Lago (3º ESO D)**

**EI**

El era coma unha noite de insomnio  
asolagada en cafeína.

Coma unha páxina en branco  
que nunca será escrita.

Era coma un tren que nunca torna,  
que non atopa a saída.

Un asasino camuflado,  
por veces unha alma amiga.

Era coma unha tarde de novembro,  
impredicíbel e ambigua.

E, malia os seus delirios e erros,  
era eu quen o quería.

#### **Paréntese (na alborada)**

Alborada.

Alborada sen resposta.

Outra das tantas, outra das poucas.

A feble melodía da túa ausencia  
pola miña testa susurrando.

E lembro

as túas baleiras pupilas

a procurar o meu acre sorriso,

e tola ficaría se non me aproveitase

da escasa razón que manteño

en semellante vez.

Remato coma de costume;

o agradábel chorar das rúas,

a miña reiterada anaina.

Esperto cuberta de dúbidas

por mor da túa distancia,

transida polo teu irónico saúdo.

A dor é xa monótona,

punzadas interminábeis

de esquecidas lembranzas.

A xornada avanza inevitabelmente.

Porén, ti non voltas,

nunca o fas (aínda ben que xa estou afeitada).

Afeitada á túa fuxida.

(O teu impredicíbel desvío

en troca da miña liberdade).

Agora, a miña rutina chea das túas pegadas;

noites espidas, días sen senso,

un beco sen saída velado

polo teu difuminado rostro.

Mais está a regresar a miña vontade

e, seica neste envorcado serán,

a túa temíbel influencia

non é máis ca unha afastada miraxe.

A luz da realidade reflíctese

na miña abraiada face.

Recupero esa personalidade asolagada  
tempo atrás pola túa insolencia.  
Se cadra, despedireime.  
Ante ti mostrarei a miña seguridade.  
A miña independecia, a miña forza, o meu poder.  
Acadado todo isto sen ti (ou grazas a ti).  
E xa non te preciso.  
Fiquei moito (seica demasiado) tempo morta,  
soñando tanto con aquela resposta,  
que non me decatara (até agora).  
Aínda así, grazas.  
Non acho equívocos remorsos.  
As miñas alboradas teñen xa  
a agardada resposta.  
(E esa resposta son eu).

### **Subxuntivo**

Algún día decatarémonos irremediabelmente  
de que a igualdade é algo que simplemente  
[acontece.

Lei ningunha nos vai mudar,  
unicamente nós podemos axudar.  
Es ti, imprevisíbel sociedade,  
quen quebranta a personalidade.  
Quen destrúe durante idades,  
quen asaloga mocidades.  
Somos nós, os que calamos os nosos berros  
vítimas da nosa sombra, completamente cegos.  
Talento pechado nun cárcere que todo esgota,  
transformado en problemas que o sistema aforra.

O mesmo sistema que confunde de forma habitual  
o delito coa arte; o ordinario co maxistral.  
Transidos pola ignorancia, os nosos dereitos  
facendo así, das nosas loitas, desfeitos.  
Semella a monotonía da rutina,  
unha interminábel rúa sen saída.  
Mais seguimos gobernados por un libro escrito hai  
[ tres mil anos,  
e isto da solución afastaranos.





SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

**Antía Álvarez Pazó (3ºESO A)**

AUSCHWITZ

Aínda lembro a vida...

A vida que houben vivir,

A voz feiticeira amada,

A lareira onde nacín.

Sen honra por orgullo,

Da vergoña imos fuxir,

Nosa espada de Damocles...

Miña estrela de David!

O son do frío escuro

Da fosa na que caín,

Caín aínda loitando...

Loitando non vou saír.

Meu amor, a liberdade...

Xa chegou a túa fin!

Marcados por sempre,

Meus fillos van durmir.

A torre de corpos,

E a cinza a subir,

Caendo a neve escura,

Meus ollos non han abrir.

O soño eterno, a tristura,

Da vileza por valor...

Xa formando as filas!

Sangran berros de terror.

Mentiron, os mentireiros!

Na porta a escribir...

Non nos libera o traballo,

Tan só nos fai sufrir.

Non xulguedes a todos,

Coas crenzas por razón

Non sexades un mostacho

Con pedras no corazón.

## AS NENAS ESQUECIDAS

**Nerea Campos Avendaño (1ºESO C)**

Con certeza escoitara (por radio, televisión ou redes sociais) que unhas nenas foran raptadas dun colexio no mes de abril, en Nixeria, por un grupo terrorista chamado Boko Haram.

A aparición destes grupos terroristas vén causada pola pobreza. Cando os mozos rematan os seus estudos non teñen traballo e vense envoltos na miseria, son moi influenciábeis, cousa que os integrantes de Boko Haram aproveitan para convencelos de que se unan a eles. Todo isto ocorre en Nixeria, o país máis importante de África en produción de petróleo. No entanto, a riqueza non está ben repartida.

As nenas secuestradas estaban nun colexio que impartía educación occidental no momento do rapto. Boko Haran está totalmente en contra desta educación.

Mentres nós nos preocupamos polo que prepararemos para cear, elas rezan para poder escapulir.

Xa non aparecen nas noticias e a maioría da xente esquecese disto. Porén, as nenas seguen en paradeiro descoñecido. No momento da desaparición todo o mundo, incluíndo famosos, solidarizouse coas nenas. Mais, segundo os datos de Google, o tema rexistrou millóns de buscas durante todo o mes de maio para baixar a unha porcentaxe mínima en xullo e caer a cero en setembro.



Imaxe sacada de: <http://marieandtheface.com/bring-back-our-girls/>

## BASEADO EN FEITOS REAIS

### Ana Davila López (3º ESO C)

Vin os meus irmáns nacer, crecer e a maioría de eles, morrer. Vin meu pai emigrar e non volver máis. Vin miña nai puxar de nós adiante, vira chorar e suar, durmir e cantar.

Vivín a guerra, o odio, a morte, os asasinatos, ríos de sangue e corazóns cheos de chumbo. Vinme sen liberdade, vin os fusís e vin a maldade.

Vinme cun precioso vestido branco, vin broncas e pelexas, vinme con tres nenos e sen un centavo no peto. Vin chorar e rir, a tristeza e a alegría, a sorte e a desgraza. Vin recitais de ballet e partidos de fútbol. Vin a rabia, a carraxe, a inxustiza. O amor e a xenreira. O home chegar a Lúa. Escoitei música. Crín en Deus e abandonoume, “busqueime a vida”.

Casei os meus fillos, enterrei o meu home. Fiquei soa nunha casa que agora se ve grande de máis cando antes nin entrabamos. Vin os que prometeron e

non estiveron. Vin enfermar os corazóns máis tenros. Vin os pobres pasar fame e os ricos pasar por diante. Vin a demagogia e a ignorancia. Vin nacer os meus netos, fíxenlle xugóns, xoguei con eles. Pouco a pouco vin a xente pasar ao outro barrio, vin as bágoas dos seus máis achegados. Vin que, ao final, o diñeiro non paga.

Vinme as canas, a miña faciana enrugada. Vin a miña expresión de decepción por non ter feito nada de valor coa miña vida. Vin subidas e baixadas, feiras, festas, bestas, amor... por un segundo crín ver a paz. Vin a mesa do salón cada Nadal un chisco máis baleira.

Vinme no hospital conectada a unha chea de máquinas. Vin a luz ao final do túnel. Vin chorar os que me coñecían non máis que de vista, vin falar maravillas os que só souberon pór atrancos no camiño. Tamén vin chorar os meus, os máis queridos...



## OS QUE MARCHAN





## EXCURSIONS



**AS MÉDULAS**



**LISBOA**



**DOÑANA-SEVILLA**



**BILBAO-ATAPUERCA**



**MAGOSTO**



**ROMA**

## DESCARRILAMENTO DO TREN OURENSE-SANTIAGO

### Sabela Fernández Rodríguez (3º ESO E)

Neste traballo vou falar do accidente do tren Talgo serie 730, que veu dende Ourense e con destino Ferrol o pasado 24 de xullo de 2013. Descarrilou na curva coñecida como “A Grandeira” situada na parroquia de Angrois, a uns 3 km da estación de Santiago de Compostela. O tren constaba de oito coches e dúas cabezas motoras.

As dúas caixas negras foron abertas o 30 de xullo. O seu contido indicaba que dous minutos antes dos feitos o maquinista recibira unha chamada de traballo e activou os freos segundos antes do accidente. As caixas tamén rexistraron un sinal acústico de ASFA (Anuncio de Sinais e Freado Automático) 4 km antes do descarrilamento.

Segundo revelou a caixa negra do convoi, o sinistro produciuse ao redor das 20:41 horas e o tren ía a unha velocidade na citada curva de entre 184 e 153 km/h, a cal estaba limitada a 80 km/h. Como consecuencia do descarrilamento, tanto as cabezas tractoras, os dous furgóns diésel e os

oito coches, saíron completamente da vía, e causaron a morte de 80 persoas dos 218 pasaxeiros.

Sobre as causas do accidente, o persoal ferroviario, as gravacións e as caixas negras, sinálase a posibilidade dun erro humano, a insuficiente sinalización na vía e a falta do sistema de seguridade, xa que este debeu de frear o tren, independentemente de que o condutor non baixase a velocidade.

O tren descarrilou por unha serie de erros en cadea: a irresponsabilidade do maquinista, xa que ía con exceso de velocidade; o sistema de seguridade de freado, xa que non estaba activado e polo tanto non se encargou de diminuír a velocidade; e a má sinalización nas vías, polo que non avisaban con suficiente antelación para que o tren puidese frear a tempo.

As consecuencias para o futuro poderían ser unha mellor sinalización para as vías e unha revisión máis meticulosa dos sistemas de seguridade por se o maquinista, coma neste caso, non puidese frear a tempo.

## AS TOURADAS

**Carlos Reinaldo Senra (3º ESO E)**

As touradas están prohibidas en moitos países e nalgúns como España xa hai moitas persoas que se opoñen a elas. Así o 6 de abril de 2004, despois de achegar máis de 245.000 sinaturas, o pleno do Concello de Barcelona aprobou converterse na primeira grande cidade española sen touradas. En xullo de 2010 o Parlamento Catalán prohibiu as touradas en toda Cataluña.

A televisión española emitiu touradas até o 14 de outubro de 2006 data na que se prohibiu a súa emisión nos horarios de especial protección para a infancia (17 a 20h).



*Que é unha tourada?*

É unha actividade que se desenvolve nun lugar axeitado chamado praza e no que un home (toureiro) debilita, con castigos e enganos, un touro bravo até a morte.

*Participantes*

Na tourada participan varias persoas que seguen un estrito ritual (regulamento do espectáculo taurino) que empeza cun desfile das 3 *cuadrillas* (formada cada unha por toureiro, 3 *banderilleiros* e dous picadores), monosabios (axudan os *banderilleiros*), areeiros (arranxan a area despois da morte de cada touro), muleiros (levan as mulas que arrastran o cadáver do touro) e alguaciliños (piden as chaves da porta onde están os animais e danlles os trofeos (orellas e rabo) se os conseguen, aos matadores.

Tamén participa o touro, animal que descende do uro (extinguido no século XVII); son machos dunha poboación desenvolvida e seleccionada na procura de instintos temperamentais, como a bravura; e físicos, como un potente aparello locomotor e uns cornos grandes e cara adiante. A crenza de que o touro ataca a cor



vermella é tan falsa como a de que a súa visión é en branco e negro. O que lle ocorre é que non ten fotorreceptores para o verde e que ataca o movemento.



### *Fases*

A actividade desenvólvese en tres fases ou terzos: no primeiro o toureiro utiliza o *capote* (para captar a atención do touro), no segundo (terzo de varas) feren o animal para que perda forza e non sexa tan perigoso (o picador ráchalle fibras na cruz para que non erga a cabeza e os banderilleiros espétanlle uns arpóns para que perda sangue), no terceiro (terzo de morte) o toureiro, co touro moi feble polas feridas, provócao para que o ataque e perda máis azos até que decide matalo cun *estoque*.

### *Conclusións*

Aínda que asociacións de veterinarios demostraron que os touros sofren moitísimo nas touradas, estas seguen a existir nalgúns países hispanoamericanos, España, Francia e Portugal. Neste último é no único lugar onde o touro non morre e actúan os forçados, que son oito homes en ringleira que agardan polo touro para o derrubaren co corpo e coas mans). Máis de 13 millóns de chineses seguen as touradas

destes países pola televisión e o 23-10-2004 fixeron a primeira tourada en Shanghai.



## O MUNDO DA MULLER

### Lucía Santamaría (3º ESO D)

Como todos sabemos, a muller, co paso dos anos, foi evolucionando moito no ámbito social, económico e político. Hai moitas persoas que non aceptan este cambio, tendo un concepto equivocado da muller e non asumen que unha familia é un grupo de persoas que comparten afectos, vivencias, bens, traballo en común ... non se fan a idea de que a muller non é o que era antes, senón que adquiriu unha independencia tanto económica como social que a fai ser independente.

Dende a Prehistoria, as mulleres, ao igual ca os homes, asumiron un papel cultural normalmente diferenciado. Nas sociedades de caza e recolección, as mulleres eran as que recollían os produtos vexetais, mentres que os homes subministraban a carne mediante a caza. A causa do seu coñecemento profundo da flora, crese que foron as mulleres as que conduciron ás sociedades antigas cara ao Neolítico para se converteren nas primeiras agrícolas.

Na Idade Media os autores masculinos, sobre todo os predicadores, falaban das condicións e condutas que lles esixen ás nenas, ás máis mozas ou ás maiores. A conduta feminina foi pautada para cada

momento e situación da vida. Case sempre a idade corresponde a un estado civil e a unha función de acordo con ela. Tal é así que a muller se representaba na imaxe da noiva, prometida, casada ou viúva, é dicir, sempre ligada inexorabelmente a un varón que debía responsabilizarse dela e da súa conduta. O papel máis importante da muller era o atribuído á esposa e nai.

A muller realizou e realiza o esforzo ou traballo reprodutivo que permite a supervivencia de individuos e sociedades. Ao longo da historia e até datas recentes, debido á alta taxa de mortalidade, é necesario alcanzar unha alta taxa de natalidade para garantir a substitución xeracional.

Mais agora a necesidade de reprodución deixou de ser un dos tradicionais problemas da sociedade -e por suposto do mundo en xeral- para se converter mesmo nun problema de superpoboación debido á incorporación de métodos anticonceptivos xunto coa redución da presión social sobre a muller para manter a poboación.

A igualdade de xénero é un principio constitucional que sinala que os homes e

as mulleres son iguais ante a lei, o que significa que todas as persoas, sen distinción ningunha, temos os mesmos dereitos e deberes fronte ao estado e á sociedade en conxunto.

Sabemos ben que non abonda cun decreto de igualdade se na práctica isto non é un feito. Para que si o sexa, a igualdade debe de se traducir en oportunidades reais e efectivas para ir á escola, acceder a un traballo, a servizos de saúde e seguridade social; competir por postos ou cargos de representación popular; gozar de liberdades para elixir parella, conformar unha familia e participar nos asuntos das nosas comunidades, organizacións ou partidos políticos.

Segundo datos recentes e con relación ao desemprego as mulleres entre os 35 e 40 anos que se reincorporan despois dunha baixa maternal, sofren o problema da “reciclaxe laboral”. A readaptación ás novas necesidades do traballo é moi complicada, reengancharse ao entorno profesional pode resultar máis duro do que parece.

Considérase *mobbing* o acoso psicolóxico cara ao traballador para conseguir que renuncie voluntariamente ao seu posto de traballo. Moitas das mulleres grávidas atópanse nesta situación dentro das súas

empresas e son obrigadas a abandonar o seu posto no momento da baixa.

Dende o punto de vista dos salarios, existen grandes diferenzas entre homes e mulleres ao desempeñar o mesmo traballo.

A violencia de xénero constituíuse como un fenómeno invisíbel durante décadas, sendo unha das manifestacións máis claras da desigualdade, subordinación e das relacións de poder dos homes sobre as mulleres. A constatación da existencia desta situación marcará un antes e un despois na consideración legal e social dos dereitos e liberdades das mulleres.

Agora moitas mulleres sofren moitos tipos de acosos diariamente, polo que nas mans de todos os cidadáns está mellorar e frear esta situación.



## ENTREVISTA A... CARMEN PRELCHI

### Redacción.

Carmen Pelchi é unha alumna do noso instituto que cursa 4º de ESO. Alén de ser moi boa estudante é unha extraordinaria xogadora de balonmán, xoga desde pequena no CB Seis do Nadal e vén de ser convocada, máis unha vez, pola selección española promesas. Acaba de volver da súa experiencia coa selección e aproveitamos para lle facer esta entrevista.

***A que idade comezaches a xogar no CB Seis do Nadal e recordas que che impulsou a elixir o balonmán?***

Empecei a xogar a balonmán con oito anos na escola por casualidade. Son unha persoa impulsiva e chamoume a atención o nome e decidín probalo.

***Cal foi o adestrador que máis te marcou e por que?***

O adestrador que máis me marcou, sen dúbida ningunha, foi Jandro. Estiven con el en infantís e aínda hoxe segue sendo unha persoa moi importante para min. Estou segura de que non esqueceréi nunca. Con el mellorei

moito individualmente, sobre todo mentalmente. Fíxome máis forte, máis traballadora e máis guerreira. Boa parte do que conseguín até agora débollo a el.

***En que momento cres que deches o salto de ser unha xogadora máis a destacar no teu equipo?***

Penso que foi en alevíns. Un día metéronme no pivote e como era alta e forte non se me deu mal.

***Cóntame un pouco a túa experiencia este ano coa selección española.***

De todos os anos que levo indo coa española este foi o máis duro. Por primeira vez xogamos partidos oficiais e temos obxectivos moi importantes. O pasado mes de marzo fomos xogar a Montenegro a fase clasificatoria para o europeo. Afortunadamente, logo de moitos adestramentos xuntas conseguimos formar un equipo e acadamos unha praza para xogar o campionato de Europa. No verán teremos máis concentracións para seleccionar ás 16 xogadoras que



loitarán no mes de agosto en  
Macedonia polo ouro continental.

***Cales son os teus proxectos a medio  
prazo como xogadora de balonmán?***

O meu obxectivo para esta tempada é  
loitar polo campionato de España co  
Seis e xogar o europeo, quero seguir a  
este nivel moitos anos máis. O  
balonmán é unha das cousas que máis  
me gusta e non quero renunciar aos  
meus soños. Despois do verán non sei  
que pasará, agora mesmo só penso no  
que me toca agora: estar ao 100% para  
o meu clube, o resto é secundario.

***Xa tes decidido que vas estudar cando  
acabes bacharelato?***

Gústanme moitas cousas, pero é  
probábel que estude para ser piloto de  
avións.



# SHERRI INTERVIEW

**Laura González e Lidia Lorenzo  
(3º ESO B)**

**Hello Sherri! We know that you are from USA (from North Carolina), and you studied Economics and Spanish in Wilmington University. Now, we can start with the interview:**

**1-What do you think of Vigo?**

For me, it's the perfect size of a city, because it is not a village, and it is not Madrid, that is very big, and I like the beach.

**2- Samil beach?**

Yes

**3-What thing do you love most about Vigo?**

The beach. I like just to be able to take one bus and be at the beach.

**4-We know that you love taking photos. In which place do you take photos here?**

The Cíes, but the problem is that you have to pay the boat, but if I just go walking, maybe the Castro

**5-What do you consider to be your best photo of Vigo?**

I think from the Castro to the port.  
(Photography)

**6-What is your favorite place in Vigo?**

I think the old part (The Casco Vello) because it is old, obviously, and I like the way

it's very old. It is just people walking, and I love walking a lot, so this is my favorite place.

**7-And what is your favorite food?**

I'm going to say chipirones, or pulpo maybe.

**8-When was the first time that you ate it?**

Let's see. Last year over a year ago.

**9- In Vigo?**

Yes.

**10-What have you found in Vigo that you can't find in USA?**

Let's see. In Vigo there are a lot of old buildings and in USA there are only new ones. An old building for us is a hundred years old. Here, the buildings are a lot older.

**11-Don't you think that having old buildings in a city is better than having modern ones?**

Yes I think so, because I like the history and there are often more beautiful.

## EXPERIENCE IN USA

**And now we are going to ask you questions about your experience in USA:**

**12-Was it hard to leave your home to go to the University?**

Yes, at first, it was a surprise, because I love to travel and be away from home... yes, at first was difficult.

**13-Did you feel homesick?**

Yes I did. Again only at the beginning, for two weeks, no more, and that was it.

**14-When you arrive to the University what was the first impression of it?**

Everything is a little more free... when you are with your parents you have to be home at a certain hour and you stay home. But at university, if you say to a friend "came over to my room or flat" at one in the morning, you can. It's very free.

**15-And do you like this style of life?**

Yes, definitely.

**16-Was it very difficult studying in the University?**

No, but you have more responsibility, it is not like in the high school, where the teachers say "you have to study this exam or read that text" in the university, you have the material, but you have to remember to study and read all that you consider important.

**17-Before coming to Vigo, did you work in other schools?**

I worked briefly with artistic children in a primary school but only for four or five hours every week. I was like a teacher's assistant. But not as a teacher, I was only a volunteer.

**AGAIN IN VIGO**

**18-Do you like our school?**

Yes, a lot, because is in the city so it is easy to get there. It is big too and you have lots of people and different students.

**19-Do you think teaching us has been a good experience for you?**

Definitely, because there are lots of students, like I said, and they have different ways to learn. Some like to speak, some don't, others like to read, to write...

**20-Do you like this experience?**

Yes, definitely, I think that it is a great skill to be able to stand in front of people and talk public speaking.

**21-Do you think that you will probably work as a Spanish people?**

Yes, it can be...

**22-In Vigo, in USA...?**

I don't know we'll see... perhaps

**23-And the final question: Have you learnt anything from us?**

Yeah, lots of words, and expressions, and how to work hard too.

**So, Sherri, thanks for teaching us and for this fantastic experience!!!!!!**



## **MARXINAD@**

**Fernando Rodríguez Álvarez ( 1º bach. A)**

**1º premio do V concurso de relatos**

**matemáticos**

Marxinado e á mesma vez utilizado por todos. Poderías chegar a imaxinar esa sensación? Ter a seguridade de que estás a ser útil para moita xente, pero aínda así te desprezan. Controlas o mundo. Sábelo. Pasaches toda a túa extensa (e iso que é moi extensa) existencia repetíndote o mesmo, pero a ninguén parece importarlle o que ti digas. Coma un rei ao que ninguén aclama ou un cadro que non transmite ningunha sensación. Estás aí, pero comeza a parecerche algo relativo. Non é que esa xente che fixera cambiar de opinión. Nin moito menos. Ou polo menos iso é o que te repites unha e outra vez. Por que o fan? Acaso ser boa persoa ou, neste caso, unha parte máis sinxela das matemáticas te fai

peor compañeiro? Todo é culpa *deles*. Fano para marxinar-te. Coma se tres estúpidas raias mal feitas enriba dun plano tivesen máis importancia ca ti. E quen son *eles*, eses dos que estamos a falar? Creo que todos estamos pensando nas mesmas persoas... non é necesario describilas demasiado. Esas que viven para atormentar as súas xentes. Esas para as cales o seu fin último é forxar o *Excalibur* dos exames, o *Anel Único* das probas escritas. Aquel exame que só poida aprobar un e ninguén máis ca ese un. Cada número erróneo, cada til mal posto alimenta a súa insaciable ánima,... e fainos seguir adiante. Pero estamos a desviarnos do tema. Recorda: estabas xa cerca de introducirte nesa sensación, nesa parte da ciencia dos números que cada vez ten máis letras na que estás marxinado. Pensándoo ben, pode que sexa iso o que pasa. Non levas moitos expoñentes, as túas incógnitas están (atentos á obviedade) desaparecidas



das túas fórmulas. Mentres que outras necesitan tantas letras que acaban por pasarse ao alfabeto máis de moda dende hai 3.000 anos, ti bástaste duns poucos números e unhas poucas operacións... E ás veces, nin iso.

Finalmente, caes na conta de que a envexa os corroe, de que ninguén é tan bo coma ti nin tan amigable cunha persoa á que non lle gustas moito. É máis... se por un momento saísemos do campo no que estamos involucrados e pasásemos á literatura, poderíamos utilizar personificacións para facelo todo bastante máis visual. E é que, se a trigonometría ou as funcións fosen seres humanos, eu imaxínoas coma xente exclusiva que só se xunta co selecto grupo de xente que as comprende. Sen embargo, ti serías unha persoa moi amigable, facilmente entendida por todos. Incluso a xente que quixo deixarte de lado na súa primeira gran

elección (é dicir, o bacharelato) te utiliza ao final de todas as avaliacións para reprocharlles cousas aos seus profesores. E quen no seu san xuízo lle reprocharía algo a un ser tan despiadado sen ter a absoluta certeza de que fixo ese cálculo necesario ben?

Figuras literarias á parte, a verdade é que cada vez que chega o mes da auga curandeira e un profesor lles predica aos seus alumnos a imposibilidade de verte nese ano, unha parte de ti morre. Non é só polo simple feito de que te van obviar un ano máis, senón que os alumnos celebran ese acontecemento. Pero como non o van celebrar se xamais oíron falar de ti? Ano tras ano, un profesor e outro van pasando de ti coa mesma facilidade coa que se pasan as cancións nun MP3. E aí estás: marxinado... e á mesma vez utilizado por todos.

Atentamente:

# ALEXANDRE BÓVEDA

## Perfil urxente

### Redacción.

Alexandre Bóveda Igrexas nace o 4 de xuño de 1903 en Ourense. É fillo dun carpinteiro e unha costureira.

Con quince anos inviste o seu tempo en tres afeccións: o deporte, o canto e a lectura

Xoga a fútbol no *Remedios Fútbol Clube*, no *Royal Fútbol Clube* e o *Galicia Fútbol Clube*.

É tenor da *Coral Ruada* e do *Orfeón Unión Ourenzá*.

Le con moita atención o *Catecismo do labrego*, de Lamas Carvajal, o semanario *O Tío Marcos da Portela*, a revista *Nós* e *A Nosa Terra*, órgano de expresión das Irmandades da Fala.

Obtén o título de Perito Mercantil e en 1920 aproba co número 1 as oposicións de auxiliar de contabilidade do Estado.

Traballa en Ourense e coñece a Florentino López Cuevillas, que o porá en relación co Grupo Nós.

Con 24 anos vese forzado a trasladarse a Pontevedra como xefe de contabilidade da Delegación provincial de Facenda. Intégrase na Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra, onde coñecerá a Castelao, Lousada Diéguez e á súa futura esposa Amalia Álvarez Gallego.

A Deputación Provincial encárgalle a Bóveda estudar o cobramento da contribución e a organización dunha Caixa de Aforros.

Deste estudo sae en 1929 o Servizo Provincial de Cédulas Persoais e traballará arreo para pór en marcha ese mesmo ano a Caixa de Aforros Provincial de Pontevedra.

Alexandre Bóveda será o primeiro director da Caixa de Aforros de Pontevedra Dimite en 1930.

Casa con Amalia, filla de Xerardo Álvarez Limeses, no mosteiro de Poio o 20 de outubro de 1930. Terán cinco fillos, tres nenas e dous nenos.

En xaneiro de 1930 cae a ditadura de Miguel Primo de Rivera e o galeguismo se reorganiza. Prodúcese diferentes iniciativas nacionalistas como o *Pacto de Lestrove* e o *Compromiso de Barrantes*.

O 5 e 6 de decembro de 1931, froito da *VII Asembleia Nazonalista* presidida polas Irmandades da Fala, fúndase o Partido Galeguista.

Alexandre Bóveda xoga un papel fundamental como secretario de organización e, logo, como secretario xeral. Encargábase da representación pública do partido e da súa cohesión.

Formou equipo con Castelao, Ánxel Casal, María Miramontes, Lois Tobío, Víctor Casas, Otero Pedrayo, Johan Carballeira, Ricardo Carvalho Calero...

O Partido Galeguistaponse como obxectivo a redacción do Estatuto de Autonomía.

Iníciase unha discusión para procurar un anteproxecto estatutario entre tres propostas enfrontadas. Remata en fracaso e transcende á sociedade.

Alexandre Bóveda eríxese como líder ao presentar un estudo onde demostraba con

cifras a desfavorábel relación económica de Galiza co Estado español.

Redáctase un anteproxecto que tiña como artigo primeiro: “A Galiza é un Estado libre dentro da República Federal Española”.

Os nacionalistas, aínda sen organización unitaria, acadan cinco actas de deputado nas eleccións ás Cortes españolas de 1931: Ramón Otero Pedrayo, Castelao, Antón Vilar Ponte, Valentín Paz Andrade e Ramón Suárez Picallo.

Ao estaren en minoría os nacionalistas galegos, ábrese unha paréntese no proceso estatutario.

O 27 de abril de 1932, coa iniciativa de Alexandre Bóveda e Enrique Rajoy Leloup (avó paterno de Mariano Rajoy) convócanse a unha xuntanza en Compostela a todos os concellos de Galiza para debateren sobre o que ía ser o texto definitivo do Estatuto de Autonomía.

Noméase unha comisión presidida por Enrique Rajoy Leloup, e na que Bóveda era vogal, para a nova redacción do Estatuto.

O 4 de setembro de 1932 a comisión remata o seu traballo. Agora Galiza definírase como “una región autónoma dentro del Estado español”

O 17 de decembro de 1932 desenvólvese a Asemblea de Concellos de Galiza Pro-Estatuto . Dúas cuestións foron longamente debatidas: a cooficialidade do galego e o castelán e a capitalidade da autonomía.

O 19 de decembro de 1932 apróbase o texto do Estatuto de Autonomía.

Castelao sinalará a importancia de Bóveda con estas palabras: “...discutiuse, artigo por artigo, a Ponencia formulada pola Comisión de técnicos, producíndose debates acalorados e de grande altura, nos que se puxo de manifesto a vontade férrea e o talento

luminoso de bóveda, herói daquelas xornadas”.



En palabras de Alexandre Bóveda, observamos a vontade soberanista do Partido Galeguista: “Nós somos un partido nazonalista (...) que proclama a Galiza a nosa Patria (...), unha cultura (...) con dereito a se gobernar por si mesma, a se autodetermiñar, (...) asegún llo aconsellen os seus destiños históricos e o seu deber para co mundo”.

A finais de 1933 fica conxelado o Estatuto *sine die*, ao gañar nas eleccións unha coalición de partidos españolistas.

Comeza o Bienio Negro e Castelao e Bóveda son trasladados forzosamente como funcionarios do Estado a Badaxoz e Cádiz, nun intento por descabezar o nacionalismo galego.

Prodúcense diversas detencións de nacionalistas e o peche do periódico *A Nosa Terra*.

O Partido Galeguista decide camiñar cara a confluencia con outros partidos de esquerda. Risco abandona a formación. O Partido Galeguista intégrase na Frente Popular, que gañará as eleccións de febreiro de 1936.





## OS ABRAIANTES FEITOS DO CAMIÑO DA RAPOSA

### O VECIÑO DA LARANXA CON VENTÁS

#### Lois Soengas Fernandez (3º ESO E)

Nunha rúa da cidade de Vigo, o Camiño da Raposa, vive Antón.

É Sábado pola mañá cedo, arredor das seis, e Antón érguese da súa cama. Os seus pais están de viaxe de fin de semana, xa que o luns e o mércores son festivos, e coa ponte fan cinco días.

Antón quedara só na casa. Xa era maior e tampouco tiña moita vontade de viaxar. Tivera moitos exames esa última semana e quería descansar, xogar coa consola e saír cos amigos.

Esa mañá erguérase cedo, aínda que non tiña claro o porqué.

Foi até a sala e acendeu o televisor. Deitouse no sofá e rematou por adormecer vendo unha serie policíaca. Sae unha sombra nunha parede, gritos, sangue, un home vai correndo, agóchase nunha casa... Antón esperta e decátase da hora. Non pasara moito tempo aínda que a serie rematara e no lugar de policías saía a prensa rosa. Normal que espertase...

Antón foi á cociña a mastigou algunha torrada das que preparara a noite anterior. Bebeu paseniño un tazón de leite e recolleu os restos. Agarrou a bolsa do lixo cunha man e unha xerra de cristal que rompera coa outra. Saíu até a rúa e camiñou deica o caldeiro do lixo mais cercano, indo cara abaixo e pasando esa horribel estrutura da cor da laranxa que chamaban casa. Cando volvía para a casa sentiu unha repentina dor no pé esquerdo e decatouse de que o veciño da casa laranxa deixara a beirarrúa de diante da

súa porta chea de cristais de garrafas de viño. Non adoitaba calzarse para levar o lixo xa que apenas eran uns metros. O veciño que vivía nesa laranxa con ventás non era normal, igual que a súa casa. Xa falaría con el. Caneou os cristais e chegou de novo á casa. A súa casa, grande e branca, si que era bonita. Ou iso pensaba Antón.

Ollou para o seu móbil. Tiña unha mensaxe de Xosé, un dos amigos cos que máis ía ao cinema, saía de festa e tamén ían xuntos ao instituto. Estaba comentándolle un estupendo plano para ese día. Primeiro, despois de xantar na casa de Antón, visitarían a Estevo, un compañeiro de clase que rompera unha perna por tres puntos diferentes e logo irían ao cinema con Uxía e Andrea, dúas mozas da súa idade coas que coincidirán nun concerto. Máis tarde... Non rematara de ler cando escoitou que alguén estaba na súa casa. Un forte golpe na cabeza e perdeu o sentido.

Esperta nun soto. O repelente home da casa laranxa fítao cun sorriso na súa cara de maníaco. Sostén unha corda coa man dereita e unha vara curta de metal coa outra. Antón está atado e amordazado e o seu veciño usa a corda para afogalo, apertando pouco a pouco coa vara de metal até que xa non pode respirar. Deixa de ver e, ao final, tamén deixa de ouvir, sentir e perde a consciencia.

Antón esperta e vai cara á sala. Ten pesadelos parecidos todas as noites... Acende a tele e adormece. Xa está acostumado...

## HISTORIA SOBRENATURAL

### Paolo Panella Goy (3º ESO E)

A citada historia sucedeu a unha nena de 9 anos, filla única de pais de grande influencia na política local. Esta nena tiña todo o que quería e desexaba unha nena normal con boa educación, mais cunha soidade incomparábel. Os seus pais adoitaban saír a festas de caridade e reunións do ámbito político e deixábana soa. Todo mudou cando lle compraron un cachorro de raza grande (para que coidase a nena cando crecese). Pasaron os anos e a nena e o can volvéronse inseparábeis. Unha noite como calquera outra os pais foron despedirse da nena. O can, xa afeito a durmir coa nena, prostrábase abaixo da cama. Os pais marcharon e pronto a nena sumiu nun sono profundo. Aproximadamente ás 2:30 da madrugada un forte ruído espertouna. Eran como rabuños lenes e logo máis fortes. Entón, temerosa, baixou a man para que o can a lambese (era como un código entre ela e o can) e fíxoo. Entón ela acougou e durmiu outra vez. Cando ela acordou pola mañá descubriu algo espantoso: No espello do toucador había algo escrito con letras vermellas. Cando se achegou, viu que era un

rastro de sangue que dicía así: "NON SÓ OS CANS LAMBEN". Entón deu un berro de terror ao ver o seu can crucificado no chan do seu cuarto. Dise que cando os pais a encontraron ela non falaba doutra cousa máis que de "quen me lambeu? " e dicía o nome do seu can. Volveuse tola e desde aquela está nun manicomio. Seus pais, tratando de esquecer o que acharon no cuarto e á súa filla, liscaron ao estranxeiro. E a incógnita máis grande é a seguinte: segundo os que foron investigar ao cuarto da nena, o can xa estaba morto, é dicir crucificado no chan, dende había horas. Quen lle lambeu a man á nena debaixo da cama?



## Sopa de letras

Nesta sopa de letras aparecen os nomes de todos os persoeiros aos que, desde o ano 1963, se lles dedicou o Día das Letras Galegas. A busca debe dirixirse cara ao nome ou o apelido que se destaca en negra:

Rosalía de Castro, Afonso D. Rodríguez **Castelao**, Eduardo **Pondal**, Francisco **Añón**, Manuel **Curros** Enríquez, Florentino López **Cuevillas**, Antón **Noriega** Varela, Marcial **Valladares**, Gonzalo **López Abente**, Valentín **Lamas Carvajal**, **Manuel Lago** González, Xoán Vicente **Viqueira**, Xoán Manuel **Pintos**, Ramón **Cabanillas**, Antón **Vilar Ponte**, Antón **López Ferreiro**, **Manuel Antonio** Pérez, **Afonso X**, Vicente Martínez **Risco**, Luís **Amado Carballo**, Manuel **Leiras** Pulpeiro, Armando **Cotarelo** Valledor, Antón **Losada** Diéguez, **Aquilino Iglesia** Alvariño, **Francisca Herrera** Garrido, Ramón Otero **Pedrayo**, **Celso Emilio** Ferreiro, Luís **Pimentel**, Álvaro **Cunqueiro**, Fermín **Bouza Brey**, Eduardo **Blanco Amor**, Luís **Seoane**, Rafael **Dieste**, Xesús **Ferro Couselo**, Ánxel **Fole** Sánchez, os **xograres** galegos, Roberto **Blanco Torres**, Manuel **Murguía**, **Eladio Rodríguez**, Frei Martín **Sarmiento**, Antón **Avilés de Taramancos**, Xaquín Lorenzo-**Xocas**-, Lorenzo **Varela**, Manuel **Lugrís** Freire, **María Mariño**, Xosé María **Álvarez Blázquez**, **Ramón Piñeiro** López, Uxío **Novoneyra**, Lois **Pereiro**, Valentín **Paz Andrade**, Roberto Vidal **Bolaño**, Xosé María **Díaz Castro**, Xosé Fernando **Filgueira Valverde**.





